



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/001724

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Convocatoria Escola Municipal de Teatro curso 2025-2026)

Proposta efectuada pola Concellería de Cultura e Normalización Lingüística con data 8 de setembro de 2025, pola que solicita aprobación das Bases de participación na Escola Municipal de Teatro para o curso 2025-2026

RESOLVO:

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

Artigo 1º.-Obxeto.

A Escola Municipal de Teatro, dependente da Concellería de Cultura do Concello de Sada, oferta unha proposta no eido das artes escénicas, desenvolvéndose fóra do horario lectivo en equipamentos municipais.

Os seus obxectivos céntranse, por unha parte, na creación dunha oferta socieducativa que permita o fomento de novas capacidades e por outra, como obxectivo pedagóxico desenvolver as capacidades creativas, comunicativas e expresivas do alumnado a través do xogo, a improvisación teatral e o intercambio de roles.

Artigo 2º.-Destinatarios/as.

A Escola de Teatro está dirixida a alumnado a partir de 8 anos.

Terán preferencia no acceso á praza o alumnado que estivera matriculado no curso 2025-2026 e finalizara satisfactoriamente todo o curso.

Artigo 3º.- Temporalización e lugar de realización.

A programación da Escola de Teatro comezará o martes 7 de outubro e finalizará o martes 16 de xuño.

Non haberá clases cando non sexa período lectivo nos centros escolares, coincidindo coas vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa, así como os días festivos locais, autonómicos ou nacionais

Ubicación da Escola de Teatro: Auditorio Casa da Cultura Pintor Lloréns

Artigo 4º.- Preinscrición para participar na Escola de Teatro.

O alumnado deberá formalizar a solicitude de praza a través das seguintes vías:

-FORMULARIO EN LIÑA: a cuxa ligazón poderá acceder na web municipal www.sada.gal



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

O prazo ordinario de preinscrición será:

Dende a súa publicación na web municipal www.sada.gal até o 22 de setembro.

O sorteo (en caso de máis solicitudes que prazas) e a publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e de agarda, será o 23 de setembro.

Artigo 5º.- Formalización de matrícula.

A formalización definitiva da inscrición para as persoas que teñan praza será mediante a presentación do xustificante de pagamento no prazo do 24 de setembro ao 1 de outubro (ambos inclusive).

Este pago realizarase mediante carta de pagamento que poderá tramitarse na oficina virtual tributaria do concello ou ben se facilitará nas dependencias de recadación (2ª andar).

No recibo de pagamento deberá figurar o nome e apelidos do solicitante. O xustificante de pagamento deberá ser enviado a omixsada@gmail.com dentro do prazo estipulado.

No caso de aplicar desconto no pagamento, deberase engadir copia do documento que o acredite.

A non formalización da inscrición neste prazo suporá a renuncia da praza, pasando o dereito ao seguinte en listaxe de agarda.

Prazo extraordinario de pagamento para persoas en listaxe de agarda e novo alumnado solicitante: a partir do 2 de outubro e en calquera momento durante o curso escolar sempre que se dispoña de prazas vacantes e pedagóxicamente sexa posible a inclusión de máis alumnado en cada grupo.

Artigo 6º.- Grupos e horarios.

Para que as actividades se poidan realizar terá que haber un mínimo de 8 solicitudes por grupo de idade ofertado no momento da preinscrición.

Ofértanse 2 grupos por idade:

Grupo infantil-xuvenil: de 8 a 15 anos (15 prazas). Martes de 16.30 a 18.30h

Grupo adultos: a partir de 16 anos (15 prazas). Martes de 19.30 a 21.30h

Artigo 7º.-Prezos e períodos de pagamento.

Os prezos de aplicación para os/as participantes na Escola Municipal de Teatro, serán os que se establezan no informe de prezo público correspondente.

O pago do curso dividirase en dúas cuotas, quedando da seguinte forma:

Pago da 1ª cota (do 24 setembro ao 1 de outubro) correspondente ao período outubro 2025-xaneiro 2026

Menores: 40€

Adultos: 48€

Pago da 2ª cota (do 19 ao 26 de xaneiro) correspondente ao período febreiro-xuño 2026.

Menores: 50€

Adultos: 60€



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Artigo 8º. Descontos.

50%: A alumnado integrante de Familias Numerosas (aportar copia do título de F.N.).

Artigo 9º.- Baixa na actividade.

Para cursar baixa na actividade, o/a interesado/a deberá comunicalo a través dunha solicitude no rexistro xeral.

Artigo 10º.- Normas de comportamento.

A organización da Escola, non permitirá ningún tipo de comportamento violento, tanto físico como verbal. Se algún dos participantes dificulta a dinámica no desenvolvemento das sesións en repetidas ocasións (previas advertencias dende a dirección da Escola), pode ser susceptible de expulsión.

Artigo 11º.- Autorización de cesión de dereitos de imaxe e protección de datos de carácter personal.

En aras a dar cumprimento ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e seguindo as Recomendacións e Instrucións emitidas pola Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), infórmase que: na Escola de Teatro recolleranse experiencias e fotografías durante o desenvolvemento das actividades. Ditas fotografías, nas que poden saír os/as participantes, poderán ser divulgadas a través dos servizos da sociedade da información que considere o Concello de Sada (prensa, web, redes sociais, etc)

O Responsable do tratamento é o CONCELLO DE SADA, con domicilio en AVDA DA MARIÑA 25, 15160 SADA (A Coruña) e ten, como finalidade, o uso das imaxes para a difusión e publicidade das actividades municipais. A base de lexitimación é o consentimento expreso prestado polos titores legais dos menores. O interesado terá dereito a retirar ou seu consentimento en calquera momento. Pode exercer en todo momento os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, así como o seu dereito para solicitar a limitación do tratamento. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos como Autoridade de Control.

Para obter unha información máis exhaustiva achega do tratamento que o Concello realiza dos seus datos persoais, pode consultar a nosa política de privacidade a través da páxina web <http://sada.gal/politica-de-privacidade/>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Artigo 12º.- Aceptación das bases.

O feito de presentar a solicitude para a Escola de Teatro 2025-2026, implica a aceptación de cada unha das normas de participación que aquí se describen.

Segundo: Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude

CONCELLERÍA DE CULTURA CONCELLO DE SADA

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.